


Conxunto areoso das illas de Monteagudo e do Faro



1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Illas Atlánticas Exteriores. Concello: Vigo. Parroquias: Illas Cíes.
Extensión: 0,97km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

A intensa dinámica sedimentaria da parte interna das illas de Monteagudo e do Faro configurou un amplo areal na súa franxa costeira. O complexo sedimentario está formado de norte a sur polas praias das Figueiras, de Rodas, dos Viños e por último a praia de Nosa Señora, separadas por dúas puntas. Todos dispoñen de cordóns dunares máis ou menos extensos pero a máis destacada é a praia de Rodas, non só polas súas dimensións e polo seu extenso cordón dunar senón tamén polo feito de unir as dúas illas formando un areal ancorado nos seus dous extremos, as puntas Muxieiro ao norte e da Nosa Señora ao sur. A vertente traseira, ausente na parte central da unidade debido á separación entre as dúas illas de xeito que tan só se observa a zona hidromorfa da Lagoa dos Nenos, límitase ás ladeiras dos montes das Figueiras na illa de Monteagudo e do Alto de Carnecido na illa do Faro con pendentes moderadas e formas de modelado granítico. Inclúe o EIX Formas e depósitos costeiros das Illas Atlánticas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Sobre unha litoloxía conformada maioritariamente por granitos de feldspato alcalino con facies de gran medio a grosso, na que se sitúan ao sur, dúas pequenas bandas paralelas de materiais metamórficos do Complexo de Cabo Home - A Lanzada, destacan os depósitos cuaternarios, sobre todo as áreas de praia orientadas cara ao leste.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O complexo sedimentario que forma parte do dominio climático cálido e húmido: temperatura media anual por riba de 15°C e precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

O carácter sedimentario da unidade determina a grande importancia dos solos costeiros. Arenosoles álbicos e háplicos no amplo complexo sedimentario que se desenvolve en toda a fronte costeira entre as praias das Figueiras ao norte e de Nosa Señora no extremo sur. Tamén hai que destacar na parte traseira do complexo sedimentario, o chamado Lago dos Nenos, pequena zona hidromorfa na que se identifican fluvisoles sálicos e tiónicos. A vertente, pola súa parte, presenta solos pouco evolucionados onde dominan os leptosoles líticos de perfil esquelético con grande importancia dos afloramentos de rocha.


AS AUGAS

As costas areentas e xeralmente sinuosas desta unidade son os ambientes máis propicios para facilitar a chegada de cursos fluviais de máis caudal. Non obstante o pouco desenvolvemento continental das illas impídeo. Atópanse baixo a influencia das augas costeiras que responden ao código 20175.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e ao Parque Nacional das Illas Atlánticas. Unidade sedimentaria caracterizada pola presenza de praias e sectores dunares, proporcionando ademais unha lagoa costeira (1150) parcialmente modificada, dende o punto de vista hidrolóxico, polo ser humano. As dunas desenvolven hábitats do grupo 21, dunas atlánticas marítimas, con importantes comunidades de camaríña, Corema album. Existen algunhas zonas con matogueira, promontorios da Punta Muxieiro e Punta da Nosa Señora, con hábitats con posibilidades de desenvolvemento, 4030, breixeiras secas europeas e 4040, breixeiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans. Algúns afloramentos proporcionan hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmófito. Ademais de exemplares de árbores típicas de ribeira (91E0) poden aparecer exemplares de rebolo, que pertenceron a masas máis extensas do hábitat 9230, bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

As principais actividades son a pesca e marisqueo tradicional de carácter profesional e o turismo. Sen dúbida a beleza do areal da praia de Cíes é o seu maior reclamo turístico nacional e internacional. Dentro deste sector destaca a existencia dun cámping que pode acoller 800 persoas e que dispón das instalacións que lles ofrecen servizos básicos aos visitantes ademais dun restaurante-cafetaría e tenda, tamén hai establecementos hostaleiros. A extracción de moluscos dos bancos marisqueiros situados nos areais das súas praias é outro dos seus atractivos e fonte de recursos. Existe un peirao onde atracan as embarcacións que traen os visitantes, ao chegar á illa o primeiro que atopamos son os servizos de información e salvamento. Por último destaca a presenza dunhas poucas edificacións de carácter residencial.

MORFOLOXÍA

As vivendas unifamiliares e as diversas edificacións que compoñen as instalacións do cámping concéntranse nesta unidade. O pequeno conxunto de vivendas non responde a un patrón tradicional, son vivendas illadas concentradas nas proximidades do cámping.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O único acceso permitido ás illas é por vía marítima, por medio de servizos de transporte marítimo de pasaxeiros que operan en determinadas datas ou, con autorización previa se é unha embarcación privada. Na actualidade, varias navieiras ofrecen servizos regulares en Semana Santa, fins de semana de maio e períodos estivais para visitar as illas Cíes e Ons dende os portos de Vigo, Cangas e Baiona. O acceso está restrinxido a un máximo de 2200 persoas por día. Unha vez na illa, o camiño máis transitado é o que conduce do peirao ao cámping, atravesando unha ponte de pedra que comunica a illa Norte coa do Medio. Existen outros camiños e pistas que conducen a diferentes puntos da illa e dan acceso ás vivendas e edificacións.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen numerosos puntos de interese para os visitantes que acuden ás illas Cíes, como a capela da Virxe do Carme. No século XIX o arquipélago foi obxecto de varios plans de fortificación como defensa contra os ataques piratas, construíuse un almacén de artillaría en 1810 onde se situaba o mosteiro de Santo Estevo e un cuartel de carabineiros e un cárcere próximos á praia de Nosa Señora. Atopamos unha antiga fábrica de salgadeira hoxe en día reconvertida en servizo de restauración. De mediados do S. XIX existe unha taberna nas proximidades da lagoa, que era utilizada como viveiro de lagostas.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade engloba parte da illa do Norte e da illa do Medio. Aínda que sen dúbida o seu elemento máis característico é a barreira de area orixinada por correntes mariñas que as une. Tamén atopamos unha ponte de pedra a xeito de muro que cruza a lagoa costeira e permite o acceso ao cámping das illas Cíes. Esta unidade ocupa a zona da illa máis explotada polas actividades humanas e acolle as visitas dos numerosos turistas que todos os anos acoden a gozar dos moitos encantos que ofrecen as illas Cíes, a praia de Rodas, está considerada como unha das máis fermosas do mundo, grazas á lagoa interior e ao excelso areal que mantén unidas as illas do Norte e do Medio de forma natural. O feito de ocupar a paisaxe máis humanizada do arquipélago tamén se reflicte na presenza dun pequeno grupo de vivendas e algunha edificación en ruínas na chaira costeira próxima entre as praia de Rodas e de Nosa Señora.

DINÁMICA DA PAISAXE

É un espazo natural que presenta un excelente grao de conservación malia acoller as numerosas visitas dos turistas e as vivendas e instalacións do cámping. A illa foi habitada durante diferentes épocas pero nunca chegou a haber asentamentos definitivos, debido principalmente aos ataques e saqueos sufridos polos piratas, e polo abandono da poboación debido ás vicisitudes económicas atravesadas en diferentes momentos da historia. A medida que a illa se ía despoboando produciuse a afluencia masiva de turismo, a mediados do século XX. Debido á deterioración que estaban a sufrir as illas por causa das actividades humanas foron declaradas Parque Natural en 1980. A maior dinámica obsérvase no incremento da masa arborada, sobre todo coa introdución de especies foráneas como o eucalipto e a acacia, así como na mellora e creación dalgunhas pistas e camiños.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A praia de Rodas na illa de Monteagudo é considerada unha das máis fermosas praias do mundo. O conxunto que forma este areal co Lago dos Nenos e a fusión de forma natural das dúas illas por medio do areal dota de grande vulnerabilidade a paisaxe, que caracterizada por estas formacións naturais tan singulares e polo fondo escénico montañoso fai que posúa unha gran calidade escénica. Os promontorios das Puntas Muxeiro e da Nosa Señora ofrecen dous excelentes miradoiros naturais para contemplar este enclave fundamental no arquipélago das illas Cíes, así como a posibilidade de admirar de preto os sistemas dunares de Figueiras-Muxeiro, onde se atopan algunhas das especies que constitúen a fráxil flora deste ecosistema. A posibilidade de realizar rutas a pé ofrece tamén a visión destas fermosas paraxes como o Lago dos Nenos, as praias de Rodas e de Nosa Señora, ou o illote de Viños. O seu altísimo valor ecolóxico e ambiental reside na súa pertenza ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e ao IBA do Contorno mariño das Rías Baixas, que a sitúa como un referente mundial. Dende 1988 incluída dentro da consideración ZEPA e tamén incluídas na Rede Natura 2000. En resumo, o maior atractivo desta unidade reside no patrimonio natural que posúe, esta calidade leva consigo numerosos valores a ter en conta dende o punto de vista ecolóxico, ambiental, paisaxístico e cultural. O Centro de Interpretación da illa ofrece a posibilidade de coñecer de preto algúns destes valores naturais e culturais.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



